

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17896 *Real decreto 1633/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o réxime de equivalencias de títulos de nivel universitario impartidos en centros docentes dependentes da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España.*

A Constitución española supuxo un profundo cambio na tradicional actitude do Estado ante o feito relixioso, ao consagrar como fundamentais os dereitos de igualdade e liberdade relixiosa. Así, a Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, estableceu a posibilidade de que o Estado concrete a súa cooperación coas confesións relixiosas, mediante a adopción de acordos ou convenios de cooperación.

De conformidade co anterior, mediante a Lei 24/1992, do 10 de novembro, aprobouse o Acordo de cooperación do Estado español coa Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España.

Pola súa parte, a disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 4/2007 (LOMLOU), pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), establece que o Goberno, por proposta dos ministerios competentes en materia de xustiza e universidades, en aplicación do disposto no citado acordo de cooperación, regulará as condicións para o recoñecemento dos efectos civís dos títulos académicos relativos a ensinanzas de nivel universitario, de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España (FEREDE).

Os seminarios bíblico-teolóxicos son os instrumentos tradicionais de que se dotaron as igrexas evanxélicas para formar os seus ministros de culto e teólogos protestantes. Estas institucións existen en España desde hai décadas e formáronse paralelamente ao xurdimento das diferentes igrexas evanxélicas españolas. Algúns dos máis importantes seminarios relixiosos españois citados que imparten unha formación de nivel universitario veñen reclamando o recoñecemento civil dos seus estudos e títulos desde a aprobación do mencionado Acordo de cooperación do Estado español coa Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España, mediante a Lei 24/1992, do 10 de novembro.

Con esta perspectiva, desde o ano 2003 estes centros traballaron de maneira coordinada a través da denominada Comisión para a Acreditación de Centros e Títulos de Teoloxía Protestante, para harmonizar e mellorar as súas ensinanzas, así como para adaptación e harmonización destas, a partir do ano 2005, co conxunto de sistemas universitarios que participaron no proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

Corresponde á citada comisión traballar e velar pola calidade do ensino de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto impartida polos centros docentes de nivel superior de Formación Teolóxica ou facultades de Teoloxía Protestante da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España. Así mesmo, correspóndelle á dita comisión a creación e acreditación dos seus centros docentes de nivel superior ou facultades de Teoloxía Protestante, así como o seu control de calidade.

Pola súa parte, a nova ordenación das ensinanzas universitarias xurdida tras a LOMLOU e concretada no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, baséase nun novo sistema no cal os títulos, en aplicación do principio constitucional de autonomía universitaria, son creados polas universidades, sometidos ao procedemento de verificación académica ante o Consello de Universidades e á autorización da comunidade autónoma correspondente. Soamente tras o cumprimento destes dous requisitos se produce a intervención do Goberno que, mediante acordo de consello de ministros, declara, se é o caso, a oficialidade do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

En relación co anterior, as ensinanzas e títulos cuxa equivalencia se establece nesta norma foron avaliadas favorablemente pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), de acordo cos mesmos criterios, directrices e referentes establecidos con carácter xeral para as ensinanzas universitarias oficiais, recollidos no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

De acordo co contexto exposto relativo á actual ordenación das ensinanzas universitarias e en cumprimento do precitado mandato legal contido na disposición adicional décimo primeira da LOMLOU, faise necesario regular mediante este real decreto as condicións para o recoñecemento dos efectos civís dos títulos académicos relativos a ensinanzas de nivel universitario de carácter teolóxico, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

O Consello de Universidades, a Conferencia Xeral de Política Universitaria, o Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública emitiron informe sobre este decreto, e consultouse a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Educación e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime de equivalencias de estudos e títulos académicos de nivel universitario, relativos a ensinanzas de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España (FEREDE), respecto dos títulos universitarios oficiais españois.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta norma é de aplicación aos títulos de carácter teolóxico que se relacionan no anexo, outorgados polos centros docentes de nivel superior ou facultades protestantes de Teoloxía dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, situados en España, que cumpran o procedemento e os requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 3. *Recoñecemento de efectos civís.*

1. De acordo coas condicións e co procedemento previsto neste real decreto, recoñécense efectos civís aos títulos académicos de nivel universitario que se relacionan no anexo, expedidos polos centros ou facultades de Teoloxía Protestante, dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, que foron acreditados pola Comisión para a Acreditación de Centros e Títulos de Teoloxía Protestante.

2. Os efectos civís que se recoñecen aos títulos de carácter teolóxico a que se refire o punto anterior son os correspondentes aos niveis académicos universitarios de grao e máster, respectivamente, recollidos no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Artigo 4. *Requisitos.*

1. Para os efectos do recoñecemento de efectos civís a que se refire este real decreto, os títulos de grao de carácter teolóxico deberán acreditar unha duración mínima de 240 créditos ECTS. Pola súa parte, a duración dos títulos de máster de carácter teolóxico require unha formación adicional á anterior de cando menos 60 créditos ECTS,

debedo acreditar no seu conxunto unha formación total de cando menos 300 créditos ECTS.

2. Os títulos a que se refire o punto anterior deberán ter sido expedidos por algún dos centros ou facultades relacionados no anexo deste real decreto.

3. Os títulos expedidos polos centros ou facultades protestantes de Teoloxía deberán ir acompañados, para os efectos de recoñecemento dos efectos civís a que se refire este real decreto, polo correspondente certificado académico que conterà a información relativa ao nivel e contido das ensinanzas cursadas, que deberán estar expresadas no sistema de créditos ECTS.

4. O recoñecemento de efectos civís a que se refire esta norma requirirá a acreditación por parte do interesado de ter accedido aos estudos correspondentes cumprindo os requisitos establecidos pola lexislación española en materia de acceso á universidade.

Artigo 5. *Dilixenciamento dos títulos.*

O recoñecemento de efectos civís dos títulos de carácter teolóxico a que se refire o artigo 3 deste real decreto, expedidos polos centros ou facultades protestantes de Teoloxía dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España (FEREDE), requirirá que os documentos acreditativos destes sexan previamente dilixenciados por Comisión para a Acreditación de Centros e Títulos de Teoloxía Protestante, dependente de FEREDE.

Artigo 6. *Procedemento.*

1. Para os efectos da obtención do recoñecemento de efectos civís a que se refire este real decreto, os interesados dirixirán a oportuna solicitude á Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, que poderán presentar en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, as solicitudes poderanse presentar por medios electrónicos na sede electrónica do Ministerio de Educación.

2. A dita solicitude deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos aspectos a que se refire o artigo 4, así como dos correspondentes títulos orixinais, ou dos certificados acreditativos da expedición do título ou copias debidamente autenticadas.

Así mesmo, os ditos documentos deberán contar co dilixenciamento previo a que se refire o artigo 5 desta norma.

3. A solicitude deberá indicar os datos de identificación do interesado, o lugar para os efectos de notificación e os demais datos que exige o artigo 70.1 da Lei 30/1992.

4. Se a solicitude ou a documentación presentadas resultasen incompletas requirirase o interesado para que nun prazo de quince días emende a deficiencia, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, que se arquivará sen máis trámite. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, o director xeral de Política Universitaria resolverá e notificaralle ao interesado a resolución, que virá expresada en termos favorables ou desfavorables á equivalencia solicitada.

6. En caso de resolución desfavorable, o interesado poderá recorrer en alzada ante o secretario xeral de Universidades, de acordo co procedemento e prazos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Das resolucións de recoñecemento darase traslado ao Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais a que se refire o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, para os efectos da súa inscrición nunha sección especial deste.

8. A falta de resolución e notificación en prazo permitirá entender desestimada a solicitude.

Artigo 7. *Avaliación pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA).*

Para os efectos de manter o réxime de equivalencias a que se refire o artigo 1, as ensinanzas correspondentes aos títulos que se relacionan no anexo deste real decreto deberán ser obxecto de seguimento e avaliación por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Para tal efecto, cada catro anos contados desde a data de entrada en vigor desta norma, tales ensinanzas deberán ser avaliadas pola dita axencia co fin de garantir a súa calidade, así como a implementación de todas aquelas melloras que xurdan dos procesos de aseguramento da calidade.

Disposición adicional única. *Inscripción de centros dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).*

Os centros docentes de nivel superior ou facultades protestantes de Teoloxía dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España que figuran no anexo serán inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), de conformidade co establecido no artigo 2 do Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

Disposición derradeira primeira. *Actualización do anexo.*

Habíltese o ministro de Educación para modificar, corrixir ou actualizar, cando iso sexa preciso, o anexo deste real decreto, oída a autoridade competente da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese o ministro de Educación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

ANEXO

Relación dos títulos outorgados por centros docentes de nivel superior ou facultades protestantes de Teoloxía dependentes da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España aos cales se lles recoñecen efectos civís

I. Títulos equivalentes ao título universitario oficial de graduado ou graduada (deberán acreditar unha duración mínima de 240 créditos ECTS).

Título de grao en Teoloxía expedido pola Facultade Protestante de Teoloxía UEBE, en Madrid –Unión Evanxélica Bautista de España– (ensino presencial).

Título de grao en Teoloxía expedido pola Facultade Internacional de Teoloxía IBSTE, en Barcelona –Instituto Bíblico e Seminario Teolóxico de España– (ensino presencial).

Título de grao en Teoloxía expedido pola Facultade de Teoloxía Asembleas de Deus, en Córdoba (ensino presencial).

Título de grao en Teoloxía expedido pola Facultade Adventista de Teoloxía, en Valencia (ensino presencial).

Título de grao en Teoloxía expedido pola Facultade de Teoloxía SEUT, en Madrid –Seminario Evanxélico Unido de Teoloxía– (ensino presencial e a distancia).

II. Títulos equivalentes ao título oficial de máster universitario (deberán acreditar unha duración mínima de 60 créditos ECTS e dun mínimo de 300 créditos ECTS entre os estudos de grao e de máster).

Título de máster en Teoloxía expedido pola Facultade Protestante de Teoloxía UEBE, en Madrid (ensino presencial).

Título de máster en Teoloxía expedido pola Facultade Adventista de Teoloxía, en Valencia (ensino presencial).